



**SESIÓN EXTRAORDINARIA DO  
EXCELENTÍSIMO CONCELLO  
PLENO DE DATA TRES DE  
DECEMBRO DE DOUS MIL VINTE  
E UN**

---

No Salón de Sesións da Casa do Concello da cidade da Coruña, a 3 de decembro de 2021. Baixo a presidencia da **Excma. Sra. Alcaldesa, dona Inés Rey García**, e coa asistencia dos edís **D. José Manuel Lage Tuñas, D.ª Eudoxia María Neira Fernández, D.ª Eva Martínez Acón, D. Jesús Javier Celemín Santos, D.ª María Esther Dolores Fontán Prado, D. Juan Ignacio Borrego Vázquez, D.ª Diana María Sobral Cabanas, D.ª Rosa María Gallego Neira, D. Roberto Rodríguez Martínez, D.ª Esperanza Peñalosa López-Pin, D. Antonio Deus Álvarez, D. Juan Carlos Varela Vázquez, D. Roberto García Fernández, D.ª María Teresa Gutiérrez Roselló, D.ª María Nazaret Cendán Gayoso, D. Roberto Luis Coira Andrade, D.ª María García Gómez, D.ª Silvia Cameán Calvete, D. Alberto Lema Suárez, D.ª Claudia Delso Carreira, D. Iago Martínez Durán, D. Francisco Xesús Jorquera Caselas, D.ª Mónica Martínez Lema e D.ª Isabel Faraldo Calvo**, reúnese, previa convocatoria regulamentariamente circulada, o Excelentísimo Concello Pleno, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria en primeira convocatoria.

Dá fe do acto o infraescrito **secretario xeral do Pleno, don Manuel José Díaz Sánchez**, e atópase ademais presente o **interventor xeral, don Ángel David Murado Codesal**.

Ás once horas e trinta e seis minutos, a Presidencia declara aberta a sesión e pásase a tratar os seguintes asuntos

**SESIÓN EXTRAORDINARIA DEL  
EXCELENTÍSIMO AYUNTAMIENTO  
PLENO DE FECHA TRES DE  
DICIEMBRE DE DOS MIL VEINTIUNO**

---

*En el Salón de Sesiones de las Casas Consistoriales de la ciudad de A Coruña, a 3 de diciembre de 2021. Bajo la presidencia de la **Excma. Sra. Alcaldesa, doña Inés Rey García**, y con la asistencia de los ediles **D. José Manuel Lage Tuñas, D.ª Eudoxia María Neira Fernández, D.ª Eva Martínez Acón, D. Jesús Javier Celemín Santos, D.ª María Esther Dolores Fontán Prado, D. Juan Ignacio Borrego Vázquez, D.ª Diana María Sobral Cabanas, D.ª Rosa María Gallego Neira, D. Roberto Rodríguez Martínez, D.ª Esperanza Peñalosa López-Pin, D. Antonio Deus Álvarez, D. Juan Carlos Varela Vázquez, D. Roberto García Fernández, D.ª María Teresa Gutiérrez Roselló, D.ª María Nazaret Cendán Gayoso, D. Roberto Luis Coira Andrade, D.ª María García Gómez, D.ª Silvia Cameán Calvete, D. Alberto Lema Suárez, D.ª Claudia Delso Carreira, D. Iago Martínez Durán, D. Francisco Xesús Jorquera Caselas, D.ª Mónica Martínez Lema e D.ª Isabel Faraldo Calvo**, se reúne, previa convocatoria regulamentariamente circulada, el Excelentísimo Ayuntamiento Pleno, al objeto de celebrar sesión extraordinaria en primera convocatoria.*

*Da fe del acto el infraescrito **secretario general del Pleno, don Manuel José Díaz Sánchez**, hallándose además presente el **interventor general, don Ángel David Murado Codesal**.*

*A las once horas y treinta y seis minutos, la Presidencia declara abierta la sesión y se pasa a tratar los siguientes asuntos*



incluídos na orde do día.

*incluidos en el orden del día.*

### **Intervencións**

#### **Presidencia**

Moi bo día a todos e a todas, benvidos a esta sesión extraordinaria do Pleno. Saudamos e damos a benvida a todos os membros da Corporación, señor secretario, señor interventor, personal municipal que nos acompaña e xornalistas acreditados, así como a todos aqueles que nos siguen a través do sinal do *streaming*.

#### **PARTE RESOLUTIVA**

##### **208.-Expte. 36E/2021/39**

**Aprobación inicial do expediente M6/2021, de concesión de suplementos de crédito, baixas por anulación de crédito, transferencias de crédito e modificación dos anexos de subvencións nominativas, de relación de investimentos e das bases de execución do Orzamento 2021 (prorrogado de 2020).**

#### **Presidencia**

Iniciamos este pleno coa parte resolutiva. Asunto número un, señor secretario.

#### **Señor Secretario**

Aprobación inicial do expediente M6/2021, de concesión de suplementos de crédito, baixas por anulación de crédito, transferencias de crédito e modificación dos anexos de subvencións nominativas, de relación de investimentos e das bases de execución do Orzamento 2021 (prorrogado de 2020).

#### **Presidencia**

### **Intervenciones**

#### **Presidencia**

*Muy buenos días a todos y a todas, bienvenidos a esta sesión extraordinaria del Pleno. Saludamos y damos la bienvenida a todos los miembros de la Corporación, señor secretario, señor interventor, personal municipal que nos acompaña y periodistas acreditados, así como a todos aquellos que nos siguen a través de la retransmisión en directo.*

#### **PARTE RESOLUTIVA**

##### **208.- Expte. 36Y/2021/39**

**Aprobación inicial del expediente M6/2021, de concesión de suplementos de crédito, bajas por anulación de crédito, transferencias de crédito y modificación de los anexos de subvenciones nominativas, de relación de inversiones y de las bases de ejecución del Presupuesto 2021 (prorrogado de 2020).**

#### **Presidencia**

*Iniciamos este pleno con la parte resolutiva. Asunto número uno, señor secretario.*

#### **Señor Secretario**

*Aprobación inicial del expediente M6/2021, de concesión de suplementos de crédito, bajas por anulación de crédito, transferencias de crédito y modificación de los anexos de subvenciones nominativas, de relación de inversiones y de las bases de ejecución del Presupuesto 2021 (prorrogado de 2020).*

#### **Presidencia**



Moitas grazas.

Iniciará o debate o voceiro do Goberno municipal, señor Lage Tuñas, e a continuación haberá unha única quenda de debate previa á votación de tres minutos por Grupo.

Señor Lage, cando queira.

### **Señor Lage Tuñas**

Grazas, señora alcaldesa. Bo día a todos e a todas.

Aquí estamos de novo e traemos hoxe ó Pleno este expediente de suplemento de crédito por un valor total de 1.435.597 €, unha cantidade que vai a permitir a este concello realizar importantes investimentos así como aboar axudas e actuacións tamén destacadas en materia de medio ambiente. Este modificativo é froito do diálogo coa Marea Atlántica, formación á que lle agradezco o seu apoio e as súas achegas e que demostra que neste caso, como tamén se fixo coas ordenanzas fiscais, hai capacidade para transcender as diferencias políticas, que son lexítimas, e de poñer a cidade por diante. É evidente que somos forzas políticas con posicións políticas diferentes en moitos casos, pero creo que non está demais recoñecer e agradecer que haxa vontade para sacar adiante asuntos que requiren de maioría absoluta no Pleno, e polo tanto tamén para chegar a acordos que van a ser beneficiosos para a cidade. Esperamos e desexamos que isto non só sexa posible co Grupo da Marea Atlántica, senón que tamén sexa posible con outros grupos.

Os fondos para o suplemento de crédito proceden, por unha banda, do remanente

*Muchas gracias.*

*Iniciará el debate el portavoz del Gobierno municipal, señor Lage Tuñas, y a continuación habrá un único turno de debate previo a la votación de tres minutos por Grupo.*

*Señor Lage, cuando quiera.*

### **Señor Lage Tuñas**

*Gracias, señora alcaldesa. Buenos días a todos y a todas.*

*Aquí estamos de nuevo y traemos hoy al Pleno este expediente de suplemento de crédito por un valor total de 1.435.597 €, una cantidad que va a permitir a este ayuntamiento realizar importantes inversiones así como abonar ayudas y actuaciones también destacadas en materia de medio ambiente. Este modificativo es fruto del diálogo con la Marea Atlántica, formación a la que le agradezco su apoyo y sus aportaciones y que demuestra que en este caso, como también se hizo con las ordenanzas fiscales, hay capacidad para transcender las diferencias políticas, que son legítimas, y de poner la ciudad por delante. Es evidente que somos fuerzas políticas con posiciones políticas diferentes en muchos casos, pero creo que no está demás reconocer y agradecer que haya voluntad para sacar adelante asuntos que requieren de mayoría absoluta en el Pleno, y por lo tanto también para llegar a acuerdos que van a ser beneficiosos para la ciudad. Esperamos y deseamos que esto no solo sea posible con el Grupo de la Marea Atlántica, sino que también sea posible con otros grupos.*

*Los fondos para el suplemento de crédito proceden, por una parte, del remanente*



líquido de tesourería e de baixas en distintas partidas que non afectan en ningún caso ó funcionamento do Concello. Por outra banda, o Concello subscribirá unha operación de crédito por valor de 1.013.178 €, débeda menor que tampouco vai a lastrar en ningún caso a capacidade financeira desta institución, que ademais mantemos un nivel moi baixo de endebedamento. Nas últimas décadas creo que é o nivel máis baixo con moitísima, moitísima diferenza, e polo tanto, a capacidade de endebedamento razoable que ten este concello, pois debe de ser utilizada tamén para abordar necesidades que se consideran urxentes ou que son estratéxicas, como vemos agora e como poderemos ver nos vindeiros meses, non? no que nós non estamos pechados a ningún tipo de operación que supoña incorporar benestar e apostas estratéxicas para a cidade.

Estos fondos van a permitir facer fronte a pequenos investimentos e tamén a suplementar a parte municipal do financiamento de importantes actuacións que saíran agora a contratación. Así, o Concello vai a poñer en marcha un modificativo que facilitará a convocatoria das axudas para a rehabilitación na Cidade Vella e en Peixería, e tamén nas coñecidas como “Casas de Franco” e “Vivendas de María Pita”. Bueno, cremos que é importante traballar nesta dirección e este modificativo pois tamén axuda a dar pasos para facilitar a rehabilitación e apostar pola rehabilitación en espazos que hoxe poden estar degradados, non?

Os fondos que agora consignamos permitirán tamén poñer en marcha proxectos financiados na súa maior parte con cargo ó plan europeo EIDUS. En total van a permitir activar investimentos nesta cidade por valor de 6.290.000 €.

*líquido de tesorería y de bajas en distintas partidas que no afectan en ningún caso al funcionamiento del Ayuntamiento. Por otra parte, el Ayuntamiento suscribirá una operación de crédito por valor de 1.013.178 €, deuda menor que tampoco va a lastrar en ningún caso la capacidad financiera de esta institución, que además mantenemos un nivel muy bajo de endeudamiento. En las últimas décadas creo que es el nivel más bajo con muchísima, muchísima diferencia, y por lo tanto, la capacidad de endeudamiento razonable que tiene este ayuntamiento, pues debe de ser utilizada también para abordar necesidades que se consideran urgentes o que son estratégicas, como vemos ahora y como podremos ver en los próximos meses, ¿no? en el que nosotros no estamos cerrados la ningún tipo de operación que suponga incorporar bienestar y apuestas estratégicas para la ciudad.*

*Estos fondos van a permitir hacer frente a pequeñas inversiones y también a suplementar la parte municipal de la financiación de importantes actuaciones que saldrán ahora a contratación. Así, el Ayuntamiento va a poner en marcha un modificativo que facilitará la convocatoria de las ayudas para la rehabilitación en la Ciudad Vieja y en Peixería, y también en las conocidas como “Casas de Franco” y “Viviendas de María Pita”. Bueno, creemos que es importante trabajar en esta dirección y este modificativo pues también ayuda a dar pasos para facilitar la rehabilitación y apostar por la rehabilitación en espacio que hoy pueden estar degradados, ¿no?*

*Los fondos que ahora consignamos permitirán también poner en marcha proyectos financiados en su mayor parte con cargo al plan europeo EIDUS. En total van a permitir activar inversiones en esta ciudad por valor de 6.290.000 €.*



Entre ditas actuacións destaca, sen dúbida ningunha, o plan de humanización e naturalización do Paseo Marítimo. É dicir, hoxe damos un paso decisivo para por en marcha no ano 22 o plan de humanización e de mellora do Paseo Marítimo con máis de 2,1 millóns de euros de orzamento. Tamén a creación e posta en marcha de hortos urbanos, e tamén o establecemento dun sistema de información de calidade ambiental, pero cabe recordar que tamén estes fondos van a permitir a remodelación da funcionalidade dos mercados.

A remodelación da funcionalidade dos mercados que permite este modificativo vai parella ás modificacións que se veñen de facer nas ordenanzas fiscais e nas ordenanzas que temos neste concello con respecto ós usos dos mercados. Quero recordar que este é un paso máis, pero que estamos a darlle vida, funcionalidade e a poñer en valor os mercados coruñeses. E tamén permite actuacións singulares, como é a reforma do Centro Cívico do Birloque. Se fala moitas veces de que si se fan solo actuacións no centro da cidade, e unha vez máis queda desmentido polos feitos e polas inversións. É importante coidar o Paseo Marítimo, pero tamén é importante traballar nos barrios, e así o facemos.

Non só iso, tamén se dan pasos, por exemplo, importantes, para a creación dun aula de tecnoloxías da información e da comunicación, e ademais se cobre unha parte importante das aportacións para a renovación do material e instalación dos servizos de extinción de incendios. O dicía onte neste mesmo salón de plenos, no Pleno ordinario deste mes de decembro, creo que debemos

*Entre dichas actuaciones destaca, sin duda alguna, el plan de humanización y naturalización del Paseo Marítimo. Es decir, hoy damos un paso decisivo para poner en marcha en el año 22 el plan de humanización y de mejora del Paseo Marítimo con más de 2,1 millones de euros de presupuesto. También la creación y puesta en marcha de huertos urbanos, y también el establecimiento de un sistema de información de calidad ambiental, pero cabe recordar que también estos fondos van a permitir la remodelación de la funcionalidad de los mercados.*

*La remodelación de la funcionalidad de los mercados que permite este modificativo va pareja a las modificaciones que se acaban de hacer en las ordenanzas fiscales y en las ordenanzas que tenemos en este ayuntamiento con respecto a los usos de los mercados. Quiero recordar que este es un paso más, pero que estamos dándole vida, funcionalidad y a poner en valor los mercados coruñeses. Y también permite actuaciones singulares, como es la reforma del Centro Cívico del Birloque. Se habla muchas veces de que si se hacen solo actuaciones en el centro de la ciudad, y una vez más queda desmentido por los hechos y por las inversiones. Es importante cuidar el Paseo Marítimo, pero también es importante trabajar en los barrios, y así lo hacemos.*

*No solo eso, también se dan pasos, por ejemplo, importantes, para la creación de un aula de tecnologías de la información y de la comunicación, y además se cubre una parte importante de las aportaciones para la renovación del material e instalación de los servicios de extinción de incendios. Lo decía ayer en este mismo salón de plenos, en el Pleno ordinario de este mes de diciembre, creo que debemos*



estar todos orgullosos do Servizo de Bombeiros que temos na nosa cidade. Creo que é un exemplo, non só en Galicia, senón para o resto de España. O reitero porque creo que é unha causa compartida, incluso unha reflexión compartida con todos os voceiros e voceiras, e neste caso creo que ademais o que estamos a facer neste modificativo é permitir cunha cofinanciación moi baixa —cabe recordar que estas actuacións se financian cos fondos que veñen provintes das aseguradoras—, pero incorporamos unha cofinanciación ó redor do 10% que permite dotar de equipos, equipos xa de moita capacidade, e de inversións que melloran as propias instalacións dos bombeiros. Polo tanto, o servizo en si mesmo vese mellorado con esta aportación, que é o que vai a permitir tamén a licitación e contratación destes servizos e destes equipamentos.

Son, en definitiva, todas elas actuacións relevantes e non podemos nin debemos pospoñer ningunha delas co fin de ter en marcha canto antes ditas actuacións. Quedan outras moitas no tinteiro que agardamos incorporar ós orzamentos do ano 2022, orzamentos que a todos nos gustaría, sen dúbida ningunha, que saísen o antes posible. Repito e reitero que o importante é que saian, que sean bos e que vaian a permitir políticas progresistas nesta cidade.

Creo que é importante ademais destacar que o Concello conta cunha situación económica saneada, que en ningún caso este modificativo supón unha carga senón todo o contrario, e ademais axudará a evitar demoras en obras financiadas maioritariamente con fondos europeos e nas que a participación municipal queda no 20 %. É habitual ademais que os concellos cofinancien

*estar todos orgullosos del Servicio de Bomberos que tenemos en nuestra ciudad. Creo que es un ejemplo, no solo en Galicia, sino para el resto de España. Lo reitero porque creo que es una causa compartida, incluso una reflexión compartida con todos los portavoces, y en este caso creo que además lo que estamos haciendo en este modificativo es permitir con una cofinanciación muy baja —cabe recordar que estas actuaciones se financian con los fondos que vienen provenientes de las aseguradoras—, pero incorporamos una cofinanciación alrededor del 10% que permite dotar de equipos, equipos ya de mucha capacidad, y de inversiones que mejoran las propias instalaciones de los bomberos. Por lo tanto, el servicio en sí mismo se ve mejorado con esta aportación, que es lo que va a permitir también la licitación y contratación de estos servicios y de estos equipamientos.*

*Son, en definitiva, todas ellas actuaciones relevantes y no podemos ni debemos posponer ninguna de ellas con el fin de tener en marcha lo antes posible dichas actuaciones. Quedan otras muchas en el tinteiro que esperamos incorporar a los presupuestos del año 2022, presupuestos que a todos nos gustaría, sin duda alguna, que salieran lo antes posible. Repito y reitero que lo importante es que salgan, que sean buenos y que vayan a permitir políticas progresistas en esta ciudad.*

*Creo que es importante además destacar que el Ayuntamiento cuenta con una situación económica saneada, que en ningún caso este modificativo supone una carga sino todo lo contrario, y además ayudará a evitar demoras en obras financiadas mayoritariamente con fondos europeos y en las que la participación municipal queda en el 20 %. Es habitual además que los ayuntamientos*



con recursos propios obras e servizos que na súa meirande parte corre a cargo doutras administracións, e iso é precisamente o que facemos aquí, cun modificativo e sen agardar ó novo orzamento cun fin: evitar demoras, e ademais —por que non dicilo— para ser dilixentes e que eses fondos europeos que estamos xestionando permitan que o ano 2022 a cidade asuma unha carga moi importante de inversións e de obras que sempre traen, pois algún contratempo, algunha dificultade, pero tamén quero dicir algo que é moi importante, e o ten dito e reiterado a nosa alcaldesa en diferentes ocasións: que todos os problemas que teñamos na cidade sexa que haxa inversións e obras. E neste mandato municipal sabemos que hai algunhas queixas, pero as queixas fundamentalmente é porque se están facendo cousas. Polo tanto, hai que minimizar os impactos, hai que procurar que haxa as menores molestias, pero desde logo creo que hai algo que ninguén pode negar: hoxe hai actuacións que levan sendo longamente demandadas e que se están executando, e este modificativo vai a permitir tamén dar un salto máis. Antes falabamos da actuación do plan de humanización do Paseo Marítimo, que creo que é unha actuación ben relevante e que este modificativo vai a permitir a súa licitación e contratación.

Sei ademais que, por outra parte, os grupos políticos que teñen unha visión construtiva non se van a opoñer a este acordo porque recolle decisións que son de sentido común e desde logo non creo que obstaculicen a aprobación dun modificativo, porque ó final sería dicirle non á cidade para que avanzara con novos investimentos, e todas as palabras que se levan escoitando aquí no Salón de Plenos teñen sido sempre de manifestar disposición a poñer por diante os

*cofinancien con recursos propios obras y servicios que en su mayor parte corre a cargo de otras administraciones, y eso es precisamente lo que hacemos aquí, con un modificativo y sin esperar al nuevo presupuesto con un fin: evitar demoras, y además —por qué no decirlo— para ser diligentes y que esos fondos europeos que estamos gestionando permitan que el año 2022 la ciudad asuma una carga muy importante de inversiones y de obras que siempre traen, pues algún percance, alguna dificultad, pero también quiero decir algo que es muy importante, y lo ha dicho y reiterado nuestra alcaldesa en diferentes ocasiones: que todos los problemas que tengamos en la ciudad sea que haya inversiones y obras. Y en este mandato municipal sabemos que hay algunas quejas, pero las quejas fundamentalmente es porque se están haciendo cosas. Por lo tanto, hay que minimizar los impactos, hay que procurar que haya las menores molestias, pero desde luego creo que hay algo que nadie puede negar: hoy hay actuaciones que llevan siendo largamente demandadas y que se están ejecutando, y este modificativo va a permitir también dar un salto más. Antes hablábamos de la actuación del plan de humanización del Paseo Marítimo, que creo que es una actuación bien relevante y que este modificativo va a permitir su licitación y contratación.*

*Sé además que, por otra parte, los grupos políticos que tienen una visión constructiva no se van a oponer a este acuerdo porque recoge decisiones que son de sentido común y desde luego no creo que obstaculicen la aprobación de un modificativo, porque al final sería decirle no a la ciudad para que avanzara con nuevas inversiones, y todas las palabras que se llevan escuchando aquí en el Salón de Plenos han sido siempre de manifestar disposición a poner por*



intereses da cidade. Eu creo que estamos ademais nun mandato no que salvo contadas ocasións, teño que dicir e recoñecer que o conxunto de grupos municipais teñen estado á altura das circunstancias e teñen posto o interese da cidade para conseguir que as actuacións se executasen, independentemente da quen lle tocara gobernar neste momento.

Creo que ninguén desexa poñer atrancos. Quero xa agradecer de antemán a actitude construtiva e positiva de tódolos grupos, reiterar o agradecemento ó Grupo da Marea Atlántica co cal acordamos este modificativo e desde logo, bueno, pois poñernos a disposición, como sempre, de todos e de todas para que podan facer as achegas que consideren oportunas dado que entramos xa nun momento relevante para ir definindo o que é un escenario, que é o escenario do 2022-2023, que a ninguén se lle escapa que os vindeiros orzamentos serán orzamentos que teñan un término importante. Somos conscientes de que estamos a falar dun momento relevante, un punto de inflexión onde a cidade se xoga moito e polo tanto só esperamos que o que ten sucedido ó longo dos últimos dous anos e medio, pois que non haxa cortedad de miras e que todos poñamos por diante os intereses da Coruña.

Nada máis e moitas grazas.

### **Presidencia**

Moitas grazas, señor Lage.

Iniciamos a quenda de debate de tres minutos. Comeza a señora Faraldo.

### **Señora Faraldo Calvo**

*delante los intereses de la ciudad. Yo creo que estamos además en un mandato en el que salvo contadas ocasiones, tengo que decir y reconocer que el conjunto de grupos municipales han estado a la altura de las circunstancias y han puesto el interés de la ciudad para conseguir que las actuaciones se ejecutaran, independentemente de a quien le hubiera tocado gobernar en este momento.*

*Creo que nadie desea poner obstáculos. Quiero ya agradecer de antemano la actitud constructiva y positiva de todos los grupos, reiterar el agradecimiento al Grupo de la Marea Atlántica con el cual acordamos este modificativo y desde luego, bueno, pues ponernos a disposición, como siempre, de todos y de todas para que puedan hacer las aportaciones que consideren oportunas dado que entramos ya en un momento relevante para ir definiendo lo que es un escenario, que es el escenario del 2022-2023, que a nadie se le escapa que los próximos presupuestos serán presupuestos que tengan un término importante. Somos conscientes de que estamos hablando de un momento relevante, un punto de inflexión donde la ciudad se juega mucho y por lo tanto solo esperamos que lo que ha sucedido a lo largo de los últimos dos años y medio, pues que no haya cortedad de miras y que todos pongamos por delante los intereses de A Coruña.*

*Nada más y muchas gracias.*

### **Presidencia**

*Muchas gracias, señor Lage.*

*Iniciamos el turno de debate de tres minutos. Comienza la señora Faraldo.*

### **Señora Faraldo Calvo**



Grazas, señora alcaldesa.

Bos días, concelleiros, concelleiras, prensa, traballadores, persoal presente e veciñanza que nos sigue por *streaming*.

Trátase hoxe a través deste pleno extraordinario e do seu punto un, de elevar para a súa aprobación o expediente M6/2021, dun modificativo de créditos do orzamento deste ano prorrogado do 2020. O destino da financiación das baixas de crédito podería ser discutible en canto á previsión dos gastos que se fixo no caso da parte pendente, por exemplo, do abono dos convenios nominativos ou de ter, por exemplo, que atender os compromisos das subvencións de apoio o sector do taxi coas baixas de crédito procedentes de mobilidade, pero en todo caso non nos parece que sexa en canto ao que finalmente se destina, non? pois por exemplo os gastos derivados das desraturizacións —pocas nos parecen a tenor dos resultados—, os gastos das desinfeccións dos imprevistos xurdidos a raíz da crise sanitaria da COVID-19 e os gastos que expuxo o concelleiro.

No caso do remanente, non nos ofrece ningunha duda, pois a incorporación de maquinaria, instalación e ferramentas para os museos é sempre un bo destino, pero no caso da operación de crédito o primeiro que se pon de manifesto, ó noso ver, son os contratemplos de prorrogar un orzamento, o do 2020, que obriga a asumir agora investimentos non previstos. Parece que a lección que deixa esta situación non se ten en conta para os orzamentos do 2022, aínda sin asomar a cabeza.

No que respecta ó destino da operación

*Gracias, señora alcaldesa.*

*Buenos días, concejales, concejalas, prensa, trabajadores, personal presente y vecindario que nos sigue a través de la retransmisión en directo.*

*Se trata hoy a través de este pleno extraordinario y de su punto uno, de elevar para su aprobación el expediente M6/2021, de un modificativo de créditos del presupuesto de este año prorrogado del 2020. El destino de la financiación de las bajas de crédito podría ser discutible en cuanto a la previsión de los gastos que se hizo en el caso de la parte pendiente, por ejemplo, del abono de los convenios nominativos o de tener, por ejemplo, que atender los compromisos de las subvenciones de apoyo al sector del taxi con las bajas de crédito procedentes de movilidad, pero en todo caso no nos parece que sea en cuanto a lo que finalmente se destina, ¿no? pues por ejemplo los gastos derivados de las desraturizaciones —pocas nos parecen a tenor de los resultados—, los gastos de las desinfecciones de los imprevistos surgidos a raíz de la crisis sanitaria de la COVID-19 y los gastos que expuso el concejal.*

*En el caso del remanente, no nos ofrece ninguna duda, pues la incorporación de maquinaria, instalación y herramientas para los museos es siempre un buen destino, pero en el caso de la operación de crédito lo primero que se pone de manifesto, a nuestro ver, son los contratemplos de prorrogar un presupuesto, el de 2020, que obliga a asumir ahora inversiones no previstas. Parece que la lección que deja esta situación no se tiene en cuenta para los presupuestos del 2022, aun sin asomar la cabeza.*

*En lo que respecta al destino de la*



de crédito, non tería discusión. A parte de aportación municipal do programa FEDER-DUSI, a das áreas de rehabilitación integral, das casas incluídas nos barrios do Ventorrillo, Labañou e casco histórico de Peixería, que non só nos parece un investimento adecuado, senón ademais necesario, case xa urgente. E por outra parte, pois os proxectos expostos, entre eles o servizo de extinción de incendios, xunto coas contribucións especiais aprobadas onte.

Permítaseme aquí un inciso: o servizo de extinción de incendios é un servizo, efectivamente, modélico e un exemplo a seguir tanto pola profesionalidade dos seus traballadores, os profesionais bombeiros, como polos investimentos que nese servizo se fan desde este concello e dos que non debemos para nada regatear. Permítaseme aquí unha pequena alusión para o Corpo da Policía Local, para que o PP vexa que non temos ningún complexo neste tema, e facer neste inciso desexar que tamén en breve este concello teña a ben facer os investimentos que se precisan para que esta cidade teña a policía local que merecen, que por parte dos profesionais xa a ten.

Insisto que o destino non ten discusión, o destino dos investimentos. O que presenta para nós dúbidas é a suscripción dunha operación de crédito a longo prazo, pero non porque non se axuste á norma, que o fai, segundo o informe-proposta da Dirección e da propia Concellaría; non porque non atenda ás necesidades adecuadas, que o fai, segundo o exposto; non porque non sexa soportable para este concello, senón porque non estamos en condición nós de poder decidir con determinación sobre este asunto.

*operación de crédito, no tería discusión. La parte de aportación municipal del programa FEDER-DUSI, la de las áreas de rehabilitación integral, de las casas incluidas en los barrios del Ventorrillo, Labañou y casco histórico de Peixería, que no solo nos parece una inversión adecuada, sino además necesaria, casi ya urgente. Y por otra parte, pues los proyectos expuestos, entre ellos el servicio de extinción de incendios, junto con las contribuciones especiales aprobadas ayer.*

*Permítaseme aquí un inciso: el servicio de extinción de incendios es un servicio, efectivamente, modélico y un ejemplo a seguir tanto por la profesionalidad de sus trabajadores, los profesionales bomberos, como por las inversiones que en ese servicio se hacen desde este ayuntamiento y de los que no debemos para nada regatear. Permítaseme aquí una pequeña alusión para el Cuerpo de la Policía Local, para que el PP vea que no tenemos ningún complejo en este tema, y hacer en este inciso desear que también en breve este ayuntamiento tenga a bien hacer las inversiones que se precisan para que esta ciudad tenga la policía local que merecen, que por parte de los profesionales ya la tiene.*

*Insisto que el destino no tiene discusión, el destino de las inversiones. Lo que presenta para nosotros dúbidas es la suscripción de una operación de crédito a largo plazo, pero no porque no se ajuste a la norma, que lo hace, según el informe-proposta de la Dirección y de la propia Concejalía; no porque no atienda a las necesidades adecuadas, que lo hace, según lo expuesto; no porque no sea soportable para este ayuntamiento, sino porque no estamos en condición nosotros de poder decidir con determinación sobre este asunto.*



Sabendo que o meu voto non condiciona o resultado, pero si posiciona ó meu partido, prefiro neste asunto manexarme desde a prudencia e absterme na votación.

Grazas.

### **Presidencia**

Moitas grazas, señora Faraldo.

Turno para o Bloque Nacionalista Galego, señor Jorquera.

### **Señor Jorquera Caselas**

Grazas, señora alcaldesa.

En primeiro lugar, como é habitual, quero aproveitar esta primeira intervención para saudar os membros da Corporación, as traballadoras e traballadores da prensa, o persoal do Concello e o público que estea seguindo este pleno a través do *streaming*.

“Con pólvora e magnolias”. É o título dun coñecido poemario de Xosé Luís Méndez Ferrín. Comezo coas magnolias porque neste modificativo propónse a subscripción dunha operación de crédito a longo prazo para financiar boa parte das actuacións, o mesmo que propuxo o BNG no seu momento para librar recursos que permitisen incrementar a dotación ó PRESCO, sen que daquela a proposta fose atendida. Vale máis tarde que nunca, di o refrán, pero por desgraza na nosa intervención hai un espazo reservado para a pólvora.

No Pleno de onte, cando debatíamos a modificación dos orzamentos do IMCE, lembraba que con ese modificativo xa eran nove os que presentou o Goberno

*Sabiendo que mi voto no condiciona el resultado, pero sí posiciona a mi partido, prefiero en este asunto manejarme desde la prudencia y absterme en la votación.*

*Gracias.*

### **Presidencia**

*Muchas gracias, señora Faraldo.*

*Turno para el Bloque Nacionalista Galego, señor Jorquera.*

### **Señor Jorquera Caselas**

*Gracias, señora alcaldesa.*

*En primer lugar, como es habitual, quiero aprovechar esta primera intervención para saludar a los miembros de la Corporación, a las trabajadoras y trabajadores de la prensa, al personal del Ayuntamiento y al público que esté siguiendo este pleno a través de la retransmisión en directo*

*“Con pólvora y magnolias”. Es el título de un conocido poemario de Xosé Luís Méndez Ferrín. Comienzo con las magnolias porque en este modificativo se propone la suscripción de una operación de crédito a largo plazo para financiar buena parte de las actuaciones, el mismo que propuso el BNG en su momento para librar recursos que permitieran incrementar la dotación al PRESCO, sin que entonces la propuesta fuera atendida. Vale más tarde que nunca, dice el refrán, pero por desgracia en nuestra intervención hay un espacio reservado para la pólvora.*

*En el Pleno de ayer, cuando debatíamos la modificación de los presupuestos del IMCE, recordaba que con ese modificativo ya eran nueve los que*



municipal dende o pasado mes de xaneiro, mais o contador segue funcionando e só un día despois debatimos outro nun pleno convocado como extraordinario e urxente pese a que este modificativo xa estaba listo practicamente hai un mes, e con este xa van dez. Houbo que agardar ó 3 de decembro de 2021 para acometer unha modificación de crédito que permita facer fronte a compromisos orzamentarios, algúns de 2020, pendentes de executar, e aínda por riba non se aproveita —volvo a lembralo— para abordar a ampliación de capital de EMVSA necesaria para poñer en marcha o complexo deportivo do Castrillón, do que parece que xa nos esquencimos. E mentras tanto —volvo a lembralo— dos orzamentos de 2022 seguimos sen saber nada. Por tanto, como dixemos onte, nin nos parece serio nin cremos que sexa precisamente un exemplo de boa xestión.

Un modificativo que propón asignar crédito para poder pagar convenios nominativos aprobados o ano pasado e que afecta a entidades que fan un labor tan importante como, entre outras, COGAMI, Ecos do Sur ou Down Coruña. Reparen vostedes: convenios incorporados ó anexo de subvencións nominativas de 2020, por moito que a xustificación de gasto se producise este ano, e estamos a 3 de decembro de 2021 para aprobar un modificativo de crédito de cara a pagar os abonos pendentes.

Ontes no Pleno ordinario debatimos o informe de xestión e execución dos proxectos EIDUS e todos coincidimos na súa importancia, pero houbo que esperar a este modificativo para que se dote de financiamento suficiente a proxectos EIDUS, como a humanización e naturalización do Paseo Marítimo, a implantación dun sistema de información

*presentó el Gobierno municipal desde el pasado mes de enero, pero el contador sigue funcionando y solo un día después debatimos otro en un pleno convocado como extraordinario y urgente pese a que este modificativo ya estaba listo prácticamente hace un mes, y con este ya van diez. Hubo que esperar al 3 de diciembre de 2021 para acometer una modificación de crédito que permita hacer frente a compromisos presupuestarios, algunos de 2020, pendientes de ejecutar, y por si fuera poco no se aprovecha —vuelvo a recordarlo— para abordar la ampliación de capital de EMVSA necesaria para poner en marcha el complejo deportivo del Castrillón, del que parece que ya en nos olvidamos. Y mientras tanto —vuelvo a recordarlo— de los presupuestos de 2022 seguimos sin saber nada. Por tanto, como dijimos ayer, ni nos parece serio ni creemos que sea precisamente un ejemplo de buena gestión.*

*Un modificativo que propone asignar crédito para poder pagar convenios nominativos aprobados el año pasado y que afecta a entidades que hacen un labor tan importante como, entre otras, COGAMI, Ecos del Sur o Down Coruña. Reparen ustedes: convenios incorporados al anexo de subvenciones nominativas de 2020, por mucho que la justificación de gasto se produjera este año, y estamos a 3 de diciembre de 2021 para aprobar un modificativo de crédito de cara a pagar los abonos pendientes.*

*Ayer en el Pleno ordinario debatimos el informe de gestión y ejecución de los proyectos EIDUS y todos coincidimos en su importancia, pero hubo que esperar a este modificativo para que se dote de financiación suficiente a proyectos EIDUS, como la humanización y naturalización del Paseo Marítimo, la implantación de un sistema de*



e calidade ambiental, ou servizos para a empregabilidade 2.0, a creación de hortos urbanos ou a remodelación dos mercados municipais. Onte no pleno ordinario debatimos tamén de rehabilitación, pero houbo que esperar a este modificativo para que se dote de financiamento suficiente as distintas áreas de rehabilitación integral.

Por responsabilidade non imos dificultar co noso voto que se aprrobe, non imos ser nós quen poña paus nas rodas para que haxa crédito para os convenios, os proxectos EIDUS ou as áreas de rehabilitación, pero tampouco podemos avalar un xeito de facer as cousas do que discrepamos profundamente. Por ese motivo o BNG vai absterse nesta votación.

Moitas grazas.

### **Presidencia**

Moitas grazas, señor Jorquera.

Turno para a Marea Atlántica, señor Martínez.

### **Señor Martínez Durán**

Alcaldesa, concelleiros e concelleiras, persoal municipal, xornalistas, veciños e veciñas, moi bo día a todos e a todas.

Non vou entrar, non me vou demorar no detalle do modificativo, xa o fixo o portavoz do Goberno na súa exposición. Destacarei unicamente o significado político que ten.

Este modificativo basicamente contribúe a reparar parcialmente o dano causado pola prórroga orzamentaria do ano

*información y calidad ambiental, o servicios para la empleabilidad 2.0, la creación de huertos urbanos o la remodelación de los mercados municipales. Ayer en el pleno ordinario debatimos también de rehabilitación, pero hubo que esperar a este modificativo para que se dote de financiación suficiente las distintas áreas de rehabilitación integral.*

*Por responsabilidad no vamos a dificultar con nuestro voto que se apruebe, no vamos a ser nosotros quienes pongan palos en las ruedas para que haya crédito para los convenios, los proyectos EIDUS o las áreas de rehabilitación, pero tampoco podemos avalar una manera de hacer las cosas de la que discrepamos profundamente. Por ese motivo el BNG se va a abstener en esta votación.*

*Muchas gracias.*

### **Presidencia**

*Muchas gracias, señor Jorquera.*

*Turno para la Marea Atlántica, señor Martínez.*

### **Señor Martínez Durán**

*Alcaldesa, concejales y concejales, personal municipal, periodistas, vecinos y vecinas, muy buenos días a todos y a todas.*

*No voy a entrar, no me voy a demorar en el detalle del modificativo, ya lo hizo el portavoz del Gobierno en su exposición. Destacaré únicamente el significado político que tiene.*

*Este modificativo básicamente contribuye a reparar parcialmente el daño causado por la prórroga presupuestaria del año*



pasado e permite nese mesmo sentido desbloquear algúns investimentos. Singularmente destacaría dous: aqueles que teñen que ver coa execución da Estratexia EIDUS Coruña, da que falamos onte por extenso, e aqueles outros que teñen que ver coas axudas á rehabilitación nas ARIs. Impórtame máis destacar o marco ao que... falar sobre o marco que permite este modificativo e que permite tamén o que debateremos e votaremos a continuación, do que se encargará a nosa portavoz, que é o diálogo e o marco de entendemento da Marea Atlántica e o Partido Socialista. Fareino citando a un clásico: como Obi-Wan Kenobi, onte aquí sentimos unha gran perturbación na forza. Por este salón de plenos atravesou onte unha especie de réplica, dese sismo que ten zarandeado ó Partido Popular en todo o Reino de España, e lamento, a verdade, que fose vostede, señor Rodríguez, quen... o encargado de amosar a cara máis ultra e máis reaccionaria desa bancada no debate sobre a Lei de Seguridade Cidadá, a Lei Mordaza. Con todo o respecto e con todo o aprezo —sábeo— creo que lle fai un mellor servizo á democracia coas coplas e os boleros, que ademais adoan os debates neste pleno, que con discursos, digamos, resentidos e ásperos como o de onte. Déalle unha pensada.

Pero o máis relevante a este respecto díxoo onte a súa portavoz. A señora Gallego púxolle onte nome ó elefante na habitación, ó que de verdade se dirime aquí, non?, que non son nin os barrios, nin o dereito á vivenda, nin á mobilidade, nin ó cambio climático. Ó Partido Popular o que lle importa, o elefante da habitación para o Partido Popular é a batuta, a batuta. A batuta. Non o que vota a xente, que iso está meridianamente claro. Aquí hai unha maioría absoluta

*pasado y permite en ese mismo sentido desbloquear algunas inversiones. Singularmente destacaría dos: aquellas que tienen que ver con la ejecución de la Estrategia EIDUS Coruña, de la que hablamos ayer largo y tendido, y aquellas otros que tienen que ver con las ayudas a la rehabilitación en las ARIs. Me importa más destacar el marco a lo que... hablar sobre el marco que permite este modificativo y que permite también lo que debatiremos y votaremos a continuación, de lo que se encargará nuestra portavoz, que es el diálogo y el marco de entendimiento de la Marea Atlántica y el Partido Socialista. Lo haré citando a un clásico: como Obi-Wan Kenobi, ayer aquí sentimos una gran perturbación en la fuerza. Por este salón de plenos atravesó ayer una especie de réplica, de ese seísmo que ha zarandeado al Partido Popular en todo el Reino de España, y lamento, la verdad, que fuera usted, señor Rodríguez, quien... el encargado de mostrar la cara más ultra y más reaccionaria de esa bancada en el debate sobre la Ley de Seguridad Ciudadana, la Ley Mordaza. Con todo el respeto y con todo el aprecio —lo sabe— creo que le hace un mejor servicio a la democracia con las coplas y los boleros, que además endulzan los debates en este pleno, que con discursos, digamos, resentidos y ásperos como el de ayer. Dele una pensada.*

*Pero lo más relevante a este respecto lo dijo ayer su portavoz. La señora Gallego le puso ayer nombre al elefante en la habitación, a lo que de verdad se dirime aquí, ¿no?, que no son ni los barrios, ni el derecho a la vivienda, ni a la movilidad, ni al cambio climático. Al Partido Popular lo que le importa, el elefante de la habitación para el Partido Popular es la batuta, la batuta. La batuta. No lo que vota la gente, que eso está meridianamente claro. Aquí hay una*



que a forman o Partido Socialista e a Marea Atlántica. A batuta. É dicir, quen manda aquí, quen ten dereito e quen non a tomar decisións que configuran o futuro desta cidade. Un resumo en vinte minutos do que foi o pasado mandato.

En nome do meu grupo agradézolle, señora Gallego, o cumprido, agradézolle que diga que é a Marea Atlántica quen leva a batuta da acción de goberno. Tamén lle dou un consello: dosifique as metáforas porque aínda lle quedan moitos acordos que desacreditar e que descualificar.

Para rematar, esto é algo, este é outro elefante na habitación, creo que é algo que todas e todos sabemos aquí pero só o oímos dicir nós, esa mensaxe da señora Gallego sobre esa fábula da batuta en realidade é un recado. Por boca da señora Gallego falan aqueles afeitos e que aspiran e seguen aspirando a gobernar, a mandar esta cidade sen presentarse ás eleccións. Creo que diso nos decatamos perfectamente esta mañá no quiosco, non? E xa que a señora Gallego fixo, digamos, ese servizo de traer ese recado, eu píddollo xa á señora Gallego que leve un recado de volta. Dígalle a quen cumpra que á Marea Atlántica non lle vai tremer a man no diálogo co Partido Socialista, nin nun sentido, nin no outro, e que desde logo na Marea Atlántica estamos convencidos e estamos convencidas de que ó Partido Socialista tampouco lle vai tremer a man, e tampouco se vai deixar condicionar nin por presións, nin por dúbidas, nin por rexoubeos, nin por doses de xornalismo de escarnio e malmeter como o que vemos hoxe no quiosco, porque o material co que estamos tratando, o dereito á vivenda, a loita contra o cambio climático, a transición ecolóxica, é ben máis importante que esas crónicas de

*mayoría absoluta que la forman el Partido Socialista y la Marea Atlántica. La batuta. Es decir, quién manda aquí, quién tiene derecho y quién no a tomar decisiones que configuran el futuro de esta ciudad. Un resumen en veinte minutos de lo que fue el pasado mandato.*

*En nombre de mi grupo le agradezco, señora Gallego, el cumplido, le agradezco que diga que es la Marea Atlántica quien lleva la batuta de la acción de gobierno. También le doy un consejo: dosifique las metáforas porque aún le quedan muchos acuerdos que desacreditar y que descalificar.*

*Para finalizar, esto es algo, este es otro elefante en la habitación, creo que es algo que todas y todos sabemos aquí pero solo lo oímos decir nosotros, ese mensaje de la señora Gallego sobre esa fábula de la batuta en realidad es un recado. Por boca de la señora Gallego hablan aquellos acostumbrados y que aspiran y siguen aspirando a gobernar, a mandar esta ciudad sin presentarse a las elecciones. Creo que de eso nos enteramos perfectamente esta mañana en el quiosco, ¿no? Y ya que la señora Gallego hizo, digamos, ese servicio de traer ese recado, yo le pido ya a la señora Gallego que lleve un recado de vuelta. Dígale a quién proceda que a la Marea Atlántica no le va a temblar a mano en el diálogo con el Partido Socialista, ni en un sentido, ni en el otro, y que desde luego en la Marea Atlántica estamos convencidos y estamos convencidas de que al Partido Socialista tampoco le va a temblar a mano, y tampoco se va a dejar condicionar ni por presiones, ni por dudas, ni por murmuraciones, ni por dosis de periodismo de escarnio y malmeter como el que vemos hoy en el quiosco, porque el material con el que estamos tratando, el derecho a la vivienda, la lucha contra el*



xornalismo e malmeter.

Pola nosa banda nada máis.

### **Presidencia**

Moitas grazas, señor Martínez.

Turno para o Partido Popular, señora Gallego.

### **Señora Gallego Neira**

*Si, moitas grazas.*

*Moi bo día aos compañeiros de Corporación, os medios de comunicación, funcionarios e a quen nos segue a través da retransmisión en directo.*

*Xa sei que non lles vai a tremar a man, mesmo para entrar no Goberno. Por suposto que non.*

*Traen a Pleno un..., un pleno extraordinario, un modificativo que retiraron da última Xunta de Goberno coa excusa de que faltaba documentación. Retirárono realmente porque pactaran coa Marea, que é quen leva a batuta do Goberno, ou porque non queren falar co Partido Popular.*

*O martes a alcaldesa e a portavoz da Marea deron unha rolda de prensa e esa mesma mañá convocan unha Xunta de Goberno extraordinaria e urxente, unha hora antes, sen aviso previo e sen documentación —decatámonos pola prensa—, con este asunto e o operador enerxético do que falaremos despois, entre outros. Ao día seguinte Comisión de Facenda, tamén extraordinaria e urxente, e coa documentación*

*cambio climático, la transición ecológica, es bien más importante que esas crónicas de periodismo y malmeter.*

*Por nuestra parte nada más.*

### **Presidencia**

*Muchas gracias, señor Martínez.*

*Turno para el Partido Popular, señora Gallego.*

### **Señora Gallego Neira**

*Sí, muchas gracias.*

*Muy buenos días a los compañeros de Corporación, los medios de comunicación, funcionarios y a quienes nos siguen por streaming.*

*Ya sé que no les va a temblar la mano, incluso para entrar en el Gobierno. Por supuesto que no.*

*Traen a Pleno un..., un pleno extraordinario, un modificativo que retiraron de la última Junta de Gobierno con la excusa de que faltaba documentación. Lo retiraron realmente porque habían pactado con la Marea, que es quien lleva la batuta del Gobierno, o porque no quieren hablar con el Partido Popular.*

*Ya que revela una conversación privada en la que manifestamos muchas de nuestras diferencias, también podía revelar que en esa misma conversación...*

### **Presidencia**

*Señora Gallego, usted también. Es que si va interrumpir no se baje la mascarilla, porque ya claro, por si fuera poco de interrumpir se baja la mascarilla, para que la vea mejor. Por favor...*

### **Señora Faraldo Calvo**

*¡Hombre! Una conversación de comida.*

### **Presidencia**

*Espere un momento, señora Faraldo, espere un momento.*

*Señor Lage, por favor, por favor. Tengamos un debate tranquilo y sosegado. Díganse las cosas que se tengan que decir, pero cada uno en su turno. No interrompan a la concejala que está en el uso de la palabra, por favor.*

*Continúe, continúe.*

### **Señora Faraldo Calvo**

*No tengo ningún pudor en defender lo que defendí, pero sí que tengo la convicción de que la hicimos en un momento privado en una comida. Lo*



marcar aí outras diferencias que se fixeron latentes, como que a vostede lle gustan as corridas de toros que eu aboliría.

En todo caso, vou entrar no tema. Pola nosa parte non podemos estar máis de acordo e amosar a nosa satisfacción por unha ordenanza que abre a vía a unha medida que sempre defendimos. Vostedes poñen en Google “empresa de enerxía pública” e entre os dous primeiros resultados un é o programa de Podemos. Non é unha soberbia, é defender aquilo no que cremos, esa medida sociocomunista e bolivariana pola que tantos insultos recibimos dun lado e de outro.

Esto é o que di o noso programa ó respecto dende o 2014: cun mercado eléctrico dominado por un oligopolio privado non é creíble que podamos acometer os obxectivos expostos no horizonte verde. Para conseguilo é necesario configurar un novo marco institucional e produtivo baixo un control democrático. No caso da empresa pública eléctrica esta será, xunto coa Vicepresidencia de Transición Ecolóxica e novo modelo industrial e o banco de investimento para a transición tecnolóxica e económica, o BITE, un axente esencial á hora de emprender esta transformación. Así, esta empresa desempeñará un rol activo na instalación de enerxías renovables, empuxará cara a transformación do mercado eléctrico e fará posible que cumpramos os obxectivos fixados. Dada a importancia destes fins tamén se ocupará de implementar unha factura de luz máis baixa e de garantir que ningún sufra pobreza enerxética. Ó mesmo tempo traballará de forma coordinada coas empresas públicas municipais que se crearan ou se podan crear para a comercialización e xestión da súa propia

*mismo que puede marcar ahí otras diferencias que se hicieron latentes, como que a usted le gustan las corridas de toros que yo aboliría.*

*En todo caso, voy a entrar en el tema. Por nuestra parte no podemos estar más de acuerdo y mostrar nuestra satisfacción por una ordenanza que abre la vía a una medida que siempre defendimos. Ustedes ponen en Google “empresa de energía pública” y entre los dos primeros resultados uno es el programa de Podemos. No es una soberbia, es defender aquello en lo que creemos, esa medida sociocomunista y bolivariana por la que tantos insultos recibimos de un lado y de otro.*

*Esto es lo que dice nuestro programa al respecto desde lo 2014: con un mercado eléctrico dominado por un oligopolio privado no es creíble que podamos acometer los objetivos expuestos en el horizonte verde. Para conseguirlo es necesario configurar un nuevo marco institucional y productivo bajo un control democrático. En el caso de la empresa pública eléctrica esta será, junto con la vicepresidencia de transición ecológica y nuevo modelo industrial y el banco de inversión para la transición tecnológica y económica, el BITE, un agente esencial a la hora de emprender esta transformación. Así, esta empresa desempeñará un rol activo en la instalación de energías renovables, empujará hacia transformación del mercado eléctrico y hará posible que cumplamos los objetivos fijados. Dada la importancia de estos fines también se ocupará de implementar una factura de luz más baja y de garantizar que ninguno sufra pobreza energética. Al mismo tiempo trabajará de forma coordinada con las empresas públicas municipales que se crearan o se puedan crear para la comercialización y gestión de su propia*



enerxía.

Este é o fin, este é un dos obxectivos. O noso compromiso pola loita contra o cambio climático en prol da economía sostible fai que valoremos de maneira moi positiva a aposta decidida polas enerxías renovables. Todo o noso país a súa promoción desde a Corporación.

En canto á comercializadora eléctrica municipal tamén total apoio, sendo ideal que isto se traduza en un precio final da enerxía a precios substancialmente máis baixos que os das empresas das compañías do oligopolio eléctrico. O obxectivo da comercializadora municipal non poderá ser o de obter beneficios, senón o de aliviar os petos dos coruñeses e as coruñesas, especialmente dos máis vulnerables, aos que se lles deberá ofrecer tarifas con condicións especiais.

En canto á urxencia deste tema para traelo hoxe aquí a un pleno extraordinario, pois a verdade é que non deixa de ser un pouco chocante tanta premura, que debe responder a razóns que a min se me escapan. Non sei como habendo un pleno ordinario xusto onte non se fixo o preciso para que fose alí tratado, ou de non entrar por procedementos, non se poda esperar ó Pleno de xaneiro. En todo caso, non serei eu quen se poña puntillosa con este tema, que a tenor do que se vai aprobar parece un tema menor e non pode ensombrecer nin minimamente a aposta que hoxe aquí se está a facer, a que levar adiante.

Grazas.

**Presidencia**

energía.

*Este es el fin, este es uno de los objetivos. Nuestro compromiso por la lucha contra el cambio climático en pro de la economía sostenible hace que valoremos de manera muy positiva la apuesta decidida por las energías renovables. Todo nuestro país su promoción desde la Corporación.*

*En cuanto a la comercializadora eléctrica municipal también total apoyo, siendo ideal que esto se traduzca en un precio final de la energía a precios sustancialmente más bajos que los de las empresas de las compañías del oligopolio eléctrico. El objetivo de la comercializadora municipal no podrá ser el de obtener beneficios, sino el de aliviar los bolsillos de los coruñeses y las coruñesas, especialmente de los más vulnerables, a los que se les deberá ofrecer tarifas con condiciones especiales.*

*En cuanto a la urgencia de este tema para traerlo hoy aquí a un pleno extraordinario, pues la verdad es que no deja de ser un poco chocante tanta premura, que debe responder a razones que a mí se me escapan. No sé cómo habiendo un pleno ordinario justo ayer no se hizo lo preciso para que fuera allí tratado, o de no entrar por procedimientos, no se puede esperar al Pleno de enero. En todo caso, no seré yo quien se ponga puntillosa con este tema, que a tenor de lo que se va a aprobar parece un tema menor y no puede ensombrecer ni mínimamente la apuesta que hoy aquí se está haciendo, la que llevar adelante.*

Gracias.

**Presidencia**



Grazas, señora Faraldo.

*Gracias, señora Faraldo.*

Turno para o BNG, señor Jorquera.

*Turno para el BNG, señor Jorquera.*

**Señor Jorquera Caselas**

**Señor Jorquera Caselas**

Grazas.

*Gracias.*

Por se alguén pensa o contrario, convocouse este pleno con carácter extraordinario e urxente para crear unha comisión porque, máis aló das declaracións de intencións, o único concreto e tanxíbel da proposta que se somete a debate e votación é que se creará unha comisión. E anticipo que o BNG non se vai opoñer, aínda que haxa unha sentenza que di que se non queres solucionar un problema, crea unha comisión. Parécenos ben que se cree unha comisión de estudo e parécenos ben que se impulsen liñas de traballo no ámbito municipal para favorecer a transición enerxética e a loita contra o cambio climático, con dúas salvedades, iso si. É importante ter en conta que poñer un tapón non é o remedio máis eficaz para conter unha enxurrada e, segunda salvedade, o BNG discrepa da idea de Paco Vázquez de facer da Coruña unha cidade estado.

*Por si alguien piensa lo contrario, se convocó este pleno con carácter extraordinario y urgente para crear una comisión porque, más allá de las declaraciones de intenciones, lo único concreto y tangible de la propuesta que se somete a debate y votación es que se creará una comisión. Y anticipo que el BNG no se va a oponer, aunque haya una sentencia que dice que si no quieres solucionar un problema, crea una comisión. Nos parece bien que se cree una comisión de estudio y nos parece bien que se impulsen líneas de trabajo en el ámbito municipal para favorecer la transición energética y la lucha contra el cambio climático, con dos salvedades, eso sí. Es importante tener en cuenta que poner un tapón no es el remedio más eficaz para contener una riada y, segunda salvedad, el BNG discrepa de la idea de Paco Vázquez de hacer de A Coruña una ciudad estado.*

Por que digo isto? Porque aínda que esteamos de acordo en que se cree unha comisión de estudo para a posta en marcha dun operador enerxético municipal, dese operador non vai depender nin solucionar o problema da luz nin acabar coa pobreza enerxética. Para iso, entre outras medidas, é necesario acabar coas portas xiratorias, é necesario modificar o marco regulatorio para que non estea deseñado á medida dos intereses das grandes eléctricas, evitando, por exemplo, os beneficios caídos do ceo; hai que crear unha empresa pública que vaia alén do ámbito local; hai que establecer unha tarifa

*¿Por qué digo esto? Porque aunque estemos de acuerdo en que se cree una comisión de estudio para la puesta en marcha de un operador energético municipal, de ese operador no va a depender ni solucionar el problema de la luz ni acabar con la pobreza energética. Para eso, entre otras medidas, es necesario acabar con las puertas giratorias, es necesario modificar el marco regulatorio para que no esté diseñado a la medida de los intereses de las grandes eléctricas, evitando, por ejemplo, los beneficios caídos del cielo; hay que crear una empresa pública que vaya más allá del ámbito local; hay que*



eléctrica galega que compense o noso país dos custos sociais e ambientais motivados pola súa especialización na xeración de enerxía. Pero como é sabido, sobre nada diso ten competencias o Concello da Coruña. Si as ten, en cambio, o Goberno central presidido por unha das forzas políticas que asina esta proposta, como as ten en materia ferroviaria.

Digo isto porque no texto desta proposta alúdese ó compromiso do Goberno de España coa loita contra o cambio climático concretado no Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima que persegue reducir un 23 % as emisións de gases de efecto invernadoiro. Por iso sería bo exixirlle ó Goberno do Estado que acabe coa marxinación da nosa rede ferroviaria convencional e que se comprometa a modernizala, a electrificala e a implantar mellores servizos, incluídos, na área da Coruña, servizos de proximidade. Iso si que sería unha boa contribución a reducir o uso do vehículo privado e con iso a reducir a emisión de gases de efecto invernadoiro.

**Ás doce horas e vinte e nove minutos sae do Salón de Sesións o señor Borrego Vázquez.**

Do mesmo xeito que as competencias en materia de consumo as detenta fundamentalmente a Xunta de Galiza e non o Concello da Coruña. Digo isto porque entre as liñas de traballo está a creación dunha oficina de enerxía que preste asesoramento nesta materia.

Non nos imos opoñer, pero mellor sería demandar que o fixese a Administración competente que é a Xunta de Galiza.

*establecer una tarifa eléctrica gallega que compense a nuestro país de los costes sociales y ambientales motivados por su especialización en la generación de energía. Pero como es sabido, sobre nada de eso tiene competencias el Ayuntamiento de A Coruña. Sí las tiene, en cambio, el Gobierno central presidido por una de las fuerzas políticas que firma esta propuesta, como las tiene en materia ferroviaria.*

*Digo esto porque en el texto de esta propuesta se alude al compromiso del Gobierno de España con la lucha contra el cambio climático concretado en el Plan Nacional Integrado de Energía y Clima que persigue reducir un 23 % las emisiones de gases de efecto invernadero. Por eso sería bueno exigir al Gobierno del Estado que acabe con la marginación de nuestra red ferroviaria convencional y que se comprometa a modernizarla, a electrificarla y a implantar mejores servicios, incluidos, en el área de A Coruña, servicios de cercanías. Eso sí que sería una buena contribución a reducir el uso del vehículo privado y con eso a reducir la emisión de gases de efecto invernadero.*

***A las doce horas y veintinueve minutos sale del Salón de Sesiones el señor Borrego Vázquez.***

*Al igual que las competencias en materia de consumo las detenta fundamentalmente la Xunta de Galicia y no el Ayuntamiento de A Coruña. Digo esto porque entre las líneas de trabajo está la creación de una oficina de energía que preste asesoramiento en esta materia.*

*No nos vamos a oponer, pero mejor sería demandar que lo hiciera la Administración competente que es la Xunta de Galicia.*



Con todo, parécenos positivo que se impulse a xeración das enerxías renovábeis e que no futuro haxa un operador enerxético municipal a través do cal se canalicen os consumos dos equipamentos e instalacións municipais, e incluso das vivendas de titularidade municipal, pero cremos que é excesivo levantar a expectativa de que este operador, que de chegar a existir será nun futuro enormemente indeterminado, poida convertirse nunha ferramenta de grande importancia para loitar contra o cambio climático, evitar discriminación no acceso ó consumo de electricidade e rematar coa coñecida como pobreza enerxética. É perigoso levantar expectativas que logo non se cumpren, como aconteceu, sen ir máis lonxe, coa área metropolitana. En setembro íamos ter un anteproxecto e aínda non sabemos nada.

E deixo o resto dos argumentos para a segunda intervención.

Moitas grazas.

### **Presidencia**

Moitas grazas, señor Jorquera.

Turno para a Marea Atlántica, señora García.

### **Señora García Gómez**

*Si, grazas. Bos días a todas e a todos.*

O acordo entre o PSdeG-PSOE e a Marea Atlántica trae a Pleno de hoxe un avance do Concello da Coruña en constituír unha eléctrica municipal que se debe entender como unha ferramenta de traballo do Concello, unha ferramenta para que a electricidade, que é un recurso esencial, un ben básico, absolutamente de primeira

*Con todo, nos parece positivo que se impulse la generación de las energías renovables y que en el futuro haya un operador energético municipal a través del cual se canalicen los consumos de los equipamientos e instalaciones municipales, e incluso de las viviendas de titularidad municipal, pero creemos que es excesivo levantar la expectativa de que este operador, que de llegar a existir será en un futuro enormemente indeterminado, pueda convertirse en una herramienta de gran importancia para luchar contra el cambio climático, evitar discriminación en el acceso al consumo de electricidad y finalizar con la conocida como pobreza energética. Es peligroso levantar expectativas que luego no se cumplen, como sucedió, sin ir más lejos, con el área metropolitana. En septiembre íbamos a tener un anteproyecto y aun no sabemos nada.*

*Y dejo el resto de los argumentos para la segunda intervención.*

*Muchas gracias.*

### **Presidencia**

*Muchas gracias, señor Jorquera.*

*Turno para la Marea Atlántica, señora García.*

### **Señora García Gómez**

*Sí, gracias. Buenos días a todas y a todos.*

*El acuerdo entre el PSdeG-PSOE y la Marea Atlántica trae a Pleno de hoy un avance del Ayuntamiento de A Coruña en constituír una eléctrica municipal que se debe entender como una herramienta de trabajo del Ayuntamiento, una herramienta para que la electricidad, que es un recurso esencial, un bien básico,*



necesidade para fogares e para empresas, pois se xestione con criterios de interese xeral, de interese público. E público vai ser unha palabra que eu repita moitas veces hoxe na miña intervención.

Para nós o interese xeral está claro. O interese xeral é loitar contra a pobreza enerxética; é interese xeral que a xente non pase frío nas súas casas e que a xente poda pagar a factura da luz, a factura eléctrica; e é interese xeral tamén que a obtención e o consumo de enerxía protexa o medio ambiente e contribúa a loitar contra o cambio climático, pero tamén é interese xeral que ante o futuro que está aí á volta da esquina e que se avexina con moitas curvas, as administracións públicas, todas, incluído o Concello, teñan marxe de manobra e non estean expostos ós pés dos cabalos das compañías eléctricas de referencia. Eso tamén é interese xeral, que recuperemos soberanía e autonomía do público despois de anos de dismantelar, de privatizar e de liberalizar o que é o manexo dun recurso, como dicía, un recurso esencial.

A creación da eléctrica municipal é un acordo de investidura entre a Marea Atlántica e o Partido Socialista —investidura lembro: 2019— que leva demasiado tempo parado. Demasiado tempo dende o punto de vista do cumprimento de compromisos que se adquiren, pero tamén demasiado tempo parado dende o punto de vista de moitas familias, e moitos fogares, e moitas empresas que agora mesmo non están podendo pagar o recibo da luz. E urxe, señor Jorquera, que todas as administracións utilicen toda a marxe de manobra dispoñible para poñer freo a unha situación de absoluto delirio e se cadra poñendo enriba da mesa medidas

*absolutamente de primera necesidad para hogares y para empresas, pues se gestione con criterios de interés general, de interés público. Y público va a ser una palabra que yo repita muchas veces hoy en mi intervención.*

*Para nosotros el interés general está claro. El interés general es luchar contra la pobreza energética; es interés general que la gente no pase frío en sus casas y que la gente pueda pagar la factura de la luz, la factura eléctrica; y es interés general también que la obtención y el consumo de energía proteja el medio ambiente y contribuya a luchar contra el cambio climático, pero también es interés general que ante el futuro que está ahí a la vuelta de la esquina y que se avicina con muchas curvas, las administraciones públicas, todas, incluido el Ayuntamiento, tengan margen de maniobra y no estén expuestos a los pies de los caballos de las compañías eléctricas de referencia. Eso también es interés general, que recuperemos soberanía y autonomía de lo público después de años de dismantelar, de privatizar y de liberalizar lo que es el manejo de un recurso, como decía, un recurso esencial.*

*La creación de la eléctrica municipal es un acuerdo de investidura entre la Marea Atlántica y el Partido Socialista —investidura, recuerdo: 2019— que lleva demasiado tiempo parado. Demasiado tiempo desde el punto de vista del cumplimiento de compromisos que se adquieren, pero también demasiado tiempo parado desde el punto de vista de muchas familias, y muchos hogares, y muchas empresas que ahora mismo no están pudiendo pagar el recibo de la luz. Y urge, señor Jorquera, que todas las administraciones utilicen todo el margen de maniobra disponible para poner freno a una situación de absoluto delirio y a lo mejor poniendo encima de la mesa*



prácticas, pero tamén presionando onde hai que presionar, efectivamente, na Xunta de Galicia, a nivel do Estado e instancias europeas, pero para iso temos que poñernos en movemento.

Dende a Marea Atlántica celebramos este paso adiante e ofrecemos toda a nosa colaboración para os seguintes, pero tamén advertimos que non é boa cousa que se sigan dilatando e adiando os seguintes pasos, dada xa a situación de retraso que levaron ata o acordo de hoxe. Ese entendemento que creo que está dando bos froitos se ten que materializar en avances prácticos e tanxibles.

Este pleno foi testemuña de varias mocións presentadas polas diferentes forzas políticas que manifestaban a súa preocupación pola situación do mercado eléctrico. O Partido Popular, a concelleira non adscrita, tamén a Marea Atlántica, trouxemos aquí situacións que son absolutamente inasumibles e non se poden naturalizar. Xa Cáritas en febreiro de 2020, antes de que estouparan os prezos como están estoupando no último ano nos avisaba de que un 17 % dos fogares pasan frío, pasan frío e este ano Endesa, que era unha empresa pública, anuncia publicamente que os seus beneficios se triplicaron despois de estoupar os prezos do mercado eléctrico. Eso é unha situación á que nos temos que rebelar con absoluta contundencia. Que cidade estado nin cidade estado. Aquí todos a poñer o traballo que haxa que poñer precisamente para garantir que ese recurso esencial chega a tódolos sitios. E é un aviso, un aviso do que pode pasar no futuro, e o sabemos, verdade? que vai ser cada vez máis difícil obter enerxía e vai ser cada vez máis acuciante restar resistencia a unha crise climática que se acentúa a velocidade pasmosa.

*medidas prácticas, pero también presionando donde hay que presionar, efectivamente, en la Xunta de Galicia, a nivel del Estado e instancias europeas, pero para eso tenemos que ponernos en movimiento.*

*Desde la Marea Atlántica celebramos este paso adelante y ofrecemos toda nuestra colaboración para los siguientes, pero también advertimos que no es buena cosa que se sigan dilatando y retrasando los siguientes pasos, dada ya la situación de retraso que llevaron hasta el acuerdo de hoy. Ese entendimiento que creo que está dando buenos frutos se tiene que materializar en avances prácticos y tangibles.*

*Este pleno fue testigo de varias mociones presentadas por las diferentes fuerzas políticas que manifestaban su preocupación por la situación del mercado eléctrico. El Partido Popular, la concejala no adscrita, también la Marea Atlántica, trajimos aquí situaciones que son absolutamente inasumibles y no se pueden naturalizar. Ya Cáritas en febrero de 2020, antes de que explotaran los precios como están explotando en el último año nos avisaba de que un 17 % de los hogares pasan frío, pasan frío y este año Endesa, que era una empresa pública, anuncia públicamente que sus beneficios se triplicaron después de explotar los precios del mercado eléctrico. Eso es una situación a la que nos tenemos que rebelar con absoluta contundencia. Qué ciudad estado ni ciudad estado. Aquí todos a poner el trabajo que haya que poner precisamente para garantizar que ese recurso esencial llega a todas partes. Y es un aviso, un aviso de lo que puede pasar en el futuro, y lo sabemos, ¿verdad? que va a ser cada vez más difícil obtener energía y va a ser cada vez más acuciante restar resistencia a una crisis climática que se acentúa a*



Nós cremos que hai que estudar todas as posibilidades de actuación dende o sector público, e todas é todas, todas, e non ampararse en que a regulación procede da Unión Europea e que por iso nos quedamos de brazos caídos. Hai que utilizar todas as vías de intervención.

Hoxe se somete a aprobación do Pleno este trámite necesario que non é unha decisión arbitraria nin política, nin unha escenificación, é o que marca o Texto Refundido da normativa de réxime local, que establece que hai que crear unha comisión técnico-política de análise, que hai que elaborar unha memoria, que se ten que expoñer ó público e que se ten que aprobar no Pleno. Eso non o decide, aínda que nos parece boa idea, nin o PSOE nin a Marea Atlántica, senón que é a normativa de réxime local. De tódolos xeitos consideramos que é positivo que tódolos grupos da Corporación participen nunha comisión que vai deseñar esa eléctrica municipal. Parécenos positivo, aporten, aporten ideas, aporten solución, aporten medidas.

Consideramos positivo o mandato que se lle establece a esa comisión e é que xere un operador que funcione con enerxía cen por cen renovable —quero lembrar que desde 2018 o Concello só consume electricidade de fontes renovables— e que preste atención á pobreza enerxética, empezando polas persoas de rendas baixas que podan estar vivindo en vivendas municipais.

E tamén se encomenda a elaboración dun mapa das enerxías renovables para seguir afondando nese camiño do Concello como produtor de enerxía renovable. Efectivamente, o Concello xa produce enerxía renovable e non só na EDAR de

*velocidad pasmosa.*

*Nosotros creemos que hay que estudiar todas las posibilidades de actuación desde el sector público, y todas es todas, todas, y no ampararse en que la regulación procede de la Unión Europea y que por eso nos quedamos de brazos caídos. Hay que utilizar todas las vías de intervención.*

*Hoy se somete a aprobación del Pleno este trámite necesario que no es una decisión arbitraria ni política, ni una escenificación, es lo que marca el Texto Refundido de la normativa de régimen local, que establece que hay que crear una comisión técnico-política de análisis, que hay que elaborar una memoria, que se tiene que exponer al público y que se tiene que aprobar en el Pleno. Eso no lo decide, aunque nos parece buena idea, ni el PSOE ni la Marea Atlántica, sino que es la normativa de régimen local. De todas formas consideramos que es positivo que todos los grupos de la Corporación participen en una comisión que va a diseñar esa eléctrica municipal. Nos parece positivo, aporten, aporten ideas, aporten solución, aporten medidas.*

*Consideramos positivo el mandato que se le establece a esa comisión y es que genere un operador que funcione con energía cien por cien renovable —quiero recordar que desde 2018 el Ayuntamiento solo consume electricidad de fuentes renovables— y que preste atención a la pobreza energética, empezando por las personas de rentas bajas que puedan estar viviendo en viviendas municipales.*

*Y también se encomienda la elaboración de un mapa de las energías renovables para seguir ahondando en ese camino del Ayuntamiento como productor de energía renovable. Efectivamente, el Ayuntamiento ya produce energía*



Bens, que empezou xa no mandato pasado, senón tamén na planta de Nostián, enerxía renovable que forma parte dos beneficios de Albada. Hai que ampliar ese camiño, hai moita marxe de mellora.

Tamén cremos que non é gratuíto xerar unha oficina de enerxía que preste asesoramento ás persoas que podan ter dificultades coa tarifa eléctrica, con bonos, facturas, tendo en conta pois o galimatías e o enrevesado de todo este sector.

Queda moito camiño por andar, por eso dende Marea Atlántica queremos instar, señora Rey, xa dende a Alcaldía, a que se aceleren e se axilicen os trámites dirixidos á constitución do operador enerxético municipal, xa non só porque sexan nutrir esa relación de confianza que creo que está dando os seus froitos, senón porque a xente aí fóra non poden esperar a que dilatemos máis o proceso.

Nada máis. Moitas grazas.

### **Presidencia**

Moitas grazas, señora García.

Turno para o Partido Popular, señora Gallego.

### **Señora Gallego Neira**

Si, moitas grazas.

*Ben, señor Lage, vostede non conta as conversacións, —acábano de delatar, a señora Faraldo— vostede interprétaas e logo inventa unha parte. Nós presentaremos propostas, como non vai ser doutra forma, ao orzamento. Veremos logo que é o que fai.*

*renovable y no solo en la EDAR de Bens, que empezó ya en el mandato pasado, sino también en la planta de Nostián, energía renovable que forma parte de los beneficios de Albada. Hay que ampliar ese camino, hay mucho margen de mejora.*

*También creemos que no es gratuito generar una oficina de energía que preste asesoramiento a las personas que puedan tener dificultades con la tarifa eléctrica, con bonos, facturas, teniendo en cuenta pues el galimatías y lo enrevesado de todo este sector.*

*Queda mucho camino por andar, por eso desde Marea Atlántica queremos instar, señora Rey, ya desde la Alcaldía, a que se aceleren y se agilicen los trámites dirigidos a la constitución del operador energético municipal, ya no solo porque sean nutrir esa relación de confianza que creo que está dando sus frutos, sino porque la gente ahí fuera no pueden esperar a que dilatemos más el proceso.*

*Nada más. Muchas gracias.*

### **Presidencia**

*Muchas gracias, señora García.*

*Turno para el Partido Popular, señora Gallego.*

### **Señora Gallego Neira**

*Sí, muchas gracias.*

*Bueno, señor Lage, usted no cuenta las conversaciones, —lo acaban de delatar, la señora Faraldo— usted las interpreta y luego inventa una parte. Nosotros presentaremos propuestas, como no va a ser de otra forma, al presupuesto. Veremos luego qué es lo que hace.*



*Señora García, di que é positivo que haxa unha comisión. É que é por Lei. Claro, pero non é que sexa positivo, é que aquí o que traen é un avance, di. Os avances non se votan, traen ao Pleno isto porque queren falar de cortinas de fume, de cousas que non interesan aos cidadáns porque non lles van a baixar o prezo da luz. Decía o señor Jorquera que isto... ¡puff!, sabe Deus... Pois é que o que teñen que facer agora é falar con Madrid e que é quen ten a competencia para regular e para tomar medidas para que se rebaixe o prezo da luz. Non é unha competencia municipal.*

*Isto é unha declaración de intencións, é unha cortina de fume, é unha tomadura de pelo estar a debater isto no Pleno porque é un pacto da Marea Atlántica co Partido Socialista para aprobar o orzamento, e nada máis. Aquí non se vai adoptar absolutamente ningún acordo. É máis, a comisión é previa a traer o asunto ao Pleno. A comisión, cunha memoria... Está no expediente, eu tiven menos tempo que vostedes para lelo, pero está no expediente porque o di a Lei, e está moi ben relatado no informe. É do pouco que hai porque, decátese, un impulso político. Di a Asesoría Xurídica que non pode nin facer informe, fai unha nota informativa cos pasos que hai que dar. Non hai... quen o vai a xestionar? EMALCSA? como? Non hai informe da empresa*

*Canto nos vai a custar este chiringuito? Pois unha chea de diñeiro en estudos e informes que se van a encargarse para nada. Non vai abaratar o prezo da luz, desde logo, igual que pasa en Barcelona.*

*Pedimos informe ao secretario na Comisión de Facenda. A súa resposta foi —e leo da acta— sinala a imposibilidade por inexistencia de antelación suficiente ao coincidir co Pleno ordinario e*

Señora García, dice que es positivo que haya una comisión. Es que es por Ley. Claro, pero no es que sea positivo, es que aquí lo que traen es un avance, dice. Los avances no se votan, traen al Pleno esto porque quieren hablar de cortinas de humo, de cosas que no interesan a los ciudadanos porque no les van a bajar el precio de la luz. Decía el señor Jorquera que esto... ¡puff!, sabe Dios... Pues es que lo que tienen que hacer ahora es hablar con Madrid y que es quien tiene la competencia para regular y para tomar medidas para que se rebaje el precio de la luz. No es una competencia municipal.

Esto es una declaración de intenciones, es una cortina de humo, es una tomadura de pelo estar debatiendo esto en el Pleno porque es un pacto de la Marea Atlántica con el Partido Socialista para aprobar el presupuesto, y nada más. Aquí no se va adoptar absolutamente ningún acuerdo. Es más, la comisión es previa a traer el asunto al Pleno. La comisión, con una memoria... Está en el expediente, yo tuve menos tiempo que ustedes para leerlo, pero está en el expediente porque lo dice la Ley, y está muy bien relatado en el informe. Es de lo poco que hay porque, fíjese, un impulso político. Dice la Asesoría Jurídica que no puede ni hacer informe, hace una nota informativa con los pasos que hay que dar. No hay... ¿quién lo va a gestionar? ¿EMALCSA? ¿cómo? No hay informe de la empresa

¿Cuánto nos va a costar este chiringuito? Pues un montón de dinero en estudios e informes que se van a encargarse para nada. No va a abaratar el precio de la luz, desde luego, igual que pasa en Barcelona.

Pedimos informe al secretario en la Comisión de Hacienda. Su respuesta fue —y leo del acta— señala la imposibilidad por inexistencia de antelación suficiente al coincidir con el Pleno ordinario y



*someterse a un Pleno extraordinario o venres. Onde está a prisa? Pois en aprobar o modificativo, que se non, non entra en vigor antes do 1 de xaneiro. Esa é a prisa, a única, porque aquí non votamos máis que unha declaración de intencións, unha chantaxe da Marea que leva a batuta, señor Martínez, e fai moi ben, fai moi ben facerse visible e volver rexurdir. É unha peaxe máis que hai que pagar.*

*Montar un chiringuito deste calibre merece un estudo serio, serio, con que medios, canto nos vai custar. Se ao secretario non lle deu tempo a estudalo e a elaborar un informe, imaxínese ao resto, que votamos os informes sen estudo de custos e sen saber nada de nada, sen informe do interventor, sen nada, sen nada. Será sustentable? cumpre a Constitución? xa para empezar, como primeira norma do Estado mal que lle a pesar de algunhas.*

*O seu modelo: Barcelona e Cádiz, onde gobernan as Mareas —para botarse a tremar—, non funciona. O exemplo de Barcelona, o operador eléctrico, é un fracaso. Nin sequera os votantes de Barcelona en Comú elixiron facerse clientes da compañía de Ada Colau. Barcelona Enerxía é un auténtico fracaso. 1 de xaneiro de 2021 alcanzaba apenas os 3.000 clientes, en dous anos e medio de vida, cunha poboación de 1,6 millóns de persoas. Ou sexa, nada. O prezo: igual que o resto porque obriga a Lei e con picos en que mesmo é máis cara.*

*Dicía antes que é unha cortina de fume para que non se fale de que non hai orzamento ou da inseguridade cidadá, que é o que nos preocupa e é do que se fala hoxe na cidade porque é o que está a pasar nos Mallos. De que se está falando hoxe na cidade? de que falou a alcaldesa*

someterse a un Pleno extraordinario el viernes. ¿Dónde está la prisa? Pues en aprobar el modificativo, que si no, no entra en vigor antes del 1 de enero. Esa es la prisa, la única, porque aquí no votamos más que una declaración de intenciones, un chantaje de la Marea que lleva la batuta, señor Martínez, y hace muy bien, hace muy bien visibilizarse y volver a resurgir. Es un peaje más que hay que pagar.

Montar un chiringuito de este calibre merece un estudio serio, serio, con qué medios, cuánto nos va costar. Si al secretario no le ha dado tiempo a estudiarlo y a elaborar un informe, imagínese al resto, que votamos los informes sin estudio de costes y sin saber nada de nada, sin informe del interventor, sin nada, sin nada. ¿Será sostenible? ¿cumpre la Constitución? ya para empezar, como primera norma del Estado mal que le pese a algunas.

Su modelo: Barcelona y Cádiz, donde gobiernan las Mareas —para echarse a temblar—, no funciona. El ejemplo de Barcelona, el operador eléctrico, es un fracaso. Ni siquiera los votantes de Barcelona en Comú han elegido hacerse clientes de la compañía de Ada Colau. Barcelona Energía es un auténtico fracaso. 1 de enero de 2021 alcanzaba apenas los 3.000 clientes, en dos años y medio de vida, con una población de 1,6 millones de personas. O sea, nada. El precio: igual que el resto porque obliga la Ley y con picos en que incluso es más cara.

Decía antes que es una cortina de humo para que no se hable de que no hay presupuesto o de la inseguridad ciudadana, que es lo que nos preocupa y es de lo que se habla hoy en la ciudad porque es lo que está pasando en Los Mallos. ¿De qué se está hablando hoy en



*hoxe? de que fala todo o mundo? De que hai que actuar, de que hai que actuar, da falta de... tamén se queixan de falta de luz. A ver se polo menos ponlles luz e hai menos delitos, porque a pasividade da alcaldesa, e hoxe botando balóns fóra contra a Delegación do Goberno, é increíble. Dúas manifestacións nas rúas, outra en María Pita, o mércores unha máis, incendios, acoitelamentos, ocupacións ilegais, tráfico de drogas, 24 horas: tres incendios, e aquí estamos a falar dun operador enerxético, dun operador enerxético que non imos ver. Como moito poñerán velas pola cidade para ver se..., non sei, dese xeito iluminan ou se iluminan vostedes.*

*Desde logo, o que está a pasar na cidade non é para tomallo de broma. Déixense de cortinas de fume, preocúpense do que importa aos cidadáns. Poderá durmir tranquila, señora alcaldesa e os veciños tamén.*

*Moitas grazas.*

### **Presidencia**

*Moitas grazas, señora Gallego.*

*Señor Lage, para pechar o debate.*

***Ás doce horas e corenta e dous minutos entra no Salón de Sesións o señor Borrego Vázquez.***

### **Señor Lage Tuñas**

*Grazas, señora alcaldesa.*

*Pídolle desculpas á Presidencia. Non teño por costume interrumpir a ningún membro da Corporación, ó que non estou disposto é a que unha persoa que forma parte da Corporación diga algo que para*

*la ciudad? ¿de qué ha hablado la alcaldesa hoy? ¿de qué habla todo el mundo? De que hay que actuar, de que hay que actuar, de la falta de... también se quejan de falta de luz. A ver si por lo menos les pone luz y hay menos delitos, porque la pasividad de la alcaldesa, y hoy echando balones fuera contra la Delegación del Gobierno, es increíble. Dos manifestaciones en las calles, otra en María Pita, el miércoles una más, incendios, acuchillamientos, ocupaciones ilegales, tráfico de drogas, 24 horas: tres incendios, y aquí estamos hablando de un operador energético, de un operador energético que no vamos a ver. Como mucho pondrán velas por la ciudad para ver si..., no sé, de esa manera iluminan o se iluminan ustedes.*

*Desde luego, lo que está pasando en la ciudad no es para tomárselo a broma. Déjense de cortinas de humo, preocúpense de lo que importa a los ciudadanos. Podrá dormir tranquila, señora alcaldesa y los vecinos también.*

*Muchas gracias.*

### **Presidencia**

*Muchas gracias, señora Gallego.*

*Señor Lage, para cerrar el debate.*

***A las doce horas y cuarenta y dos minutos entra en el Salón de Sesiones el señor Borrego Vázquez.***

### **Señor Lage Tuñas**

*Gracias, señora alcaldesa.*

*Le pido disculpas a la Presidencia. No tengo por costumbre interrumpir a ningún miembro de la Corporación, a lo que no estoy dispuesto es la que una persona que forma parte de la*



min é sagrado, e polo tanto espero que rectifique porque... en fin, creo que teño dado sobradas mostras deso e vouno deixar aí, vouno deixar aí. Se teñen problemas no que defenden en público e está dito no Pleno desta Corporación, pois é o seu problema. En calquera caso, eu o que opino o vou a seguir opinando, señora Faraldo, e cando digo que a okupación, que non é tolerable a okupación, o digo e o reitero, e o reitero, e me quedo tan tranquilo porque é o que penso. O dereito á propiedade privada, a defensa, a defensa dos intereses da cidadanía por riba de populismos e por riba de excitar as baixas paixóns e desde logo de aproveitarse das desgracias da xente. Eu creo que neste país, a este país lle foi bastante ben cando os populismos tiveron pouco que dicir, bastante ben, e polo tanto, en fin... creo que faría ben en revisar o que dice en público e non sorprenderse cando lle dicen o que lle dicen. En calquera caso, fágao mirar que eu creo que vai a ser bo.

Imos a falar do que nos trae aquí. Señora Gallego, dice que vai a facer emendas. Non, non, non, pode facer o que vostede queira, o que lle ten que explicar ó seu grupo e a súa parroquia é as propostas que fixo para os orzamentos, e fágolle o convite formal aquí, neste pleno a que as presente, non as emendas ó orzamento, non, non, non, a que faga propostas, a ver cal é a súa idea de cidade, porque ó mellor tamén lle vale para convencer a súa parroquia. Non sei se me entende. É dicir, faga as propostas que ten para os orzamentos. Leva falando seis meses dos orzamentos. Cal é o modelo de cidade que ten Rosa Gallego? Facer oposición faino ben, non o discute ninguén e llo recoñezo eu. Sabe que non me doen prendas en recoñecer a calidade política e

*Corporación diga algo que para mí es sagrado, y por lo tanto espero que rectifique porque... en fin, creo que he dado sobradas muestras de eso y lo voy a dejar ahí, lo voy a dejar ahí. Si tienen problemas en lo que defienden en público y está dicho en el Pleno de esta Corporación, pues es su problema. En cualquier caso, yo lo que opino lo voy a seguir opinando, señora Faraldo, y cuando digo que la okupación, que no es tolerable la okupación, lo digo y lo reitero, y lo reitero, y me quedo tan tranquilo porque es lo que pienso. El derecho a la propiedad privada, la defensa, la defensa de los intereses de la ciudadanía por encima de populismos y por encima de excitar las bajas pasiones y desde luego de aprovecharse de las desgracias de la gente. Yo creo que en este país, a este país le fue bastante bien cuando los populismos tuvieron poco que decir, bastante bien, y por lo tanto, en fin... creo que haría bien en revisar lo que dice en público y no sorprenderse cuando le dicen lo que le dicen. En cualquier caso, hágalo mirar que yo creo que va a ser bueno.*

*Vamos a hablar de lo que nos trae aquí. Señora Gallego, dice que va a hacer enmiendas. No, no, no, puede hacer lo que usted quiera, lo que le tiene que explicar a su grupo y a su parroquia es las propuestas que hizo para los presupuestos, y le hago la invitación formal aquí, en este pleno, a que las presente, no las enmiendas al presupuesto, no, no, no, a que haga propuestas, a ver cuál es su idea de ciudad, porque a lo mejor también le vale para convencer su parroquia. No sé si me entiende. Es decir, haga las propuestas que tiene para los presupuestos. Lleva hablando seis meses de los presupuestos. ¿Cuál es el modelo de ciudad que tiene Rosa Gallego? Hacer oposición lo hace bien, no lo discute nadie y se lo*



humana das persoas que non son do mesmo grupo con quen debatemos. Hai que ser xenerosos e recoñecer as súas cualidades, e vostede ten moitas, moitas, moitas, pero aparte das cualidades que ten sería bo saber cales son as propostas do Partido Popular, cuantificalo, explicalo, e eu xa lle adianto que seguramente vaiamos a coincidir coas propostas que faga se vostede escoita minimamente o que demandan os colectivos, as necesidades que ten a cidade. Iso será ver se o Partido Popular ten unha posición construtiva.

Non hai ningún cordón sanitario, non se inventen películas, non sei quen llas pode comprar. Desde logo creo que o ofrecemento é claro, señora Gallego: propostas sobre a mesa, non emendas para que llas rechacen, non a ver cando a Marea e o Partido Socialista, o Partido Socialista e a Marea cheguen a un acordo de orzamento. Aí vai vostede a facer oposición. A oposición faina moi ben, faina moi ben, pero bueno, que quere que lle diga? Que me gusta que faga ben a oposición? Pois non, non lle vou a dicir eso, non son tan malvado para dicirle eso, señora Gallego. O que lle digo é que se quere incidir na acción de goberno, faga propostas. Nós hoxe traemos aquí unha proposta. Bueno, non sei se vostede considera que é un día histórico ou non para esta cidade.

Eu contei algo antes que me parece relevante, porque hoxe a Estación Depuradora de Bens, da que é presidenta —reitérolle, señora Gallego— a nosa alcaldesa, Inés Rey, culmina un traballo exemplar, un traballo que, por certo, comezou no ano 2016 —a cada quen o seu— e pon a esta cidade como un

*reconozco yo. Sabe que no me duelen prendas en reconocer la calidad política y humana de las personas que no son del mismo grupo con quien debatimos. Hay que ser generosos y reconocer sus cualidades, y usted tiene muchas, muchas, muchas, pero aparte de las cualidades que tiene sería bueno saber cuáles son las propuestas del Partido Popular, cuantificarlo, explicarlo, y yo ya le adelanto que seguramente vayamos a coincidir con las propuestas que haga si usted escucha mínimamente lo que demandan los colectivos, las necesidades que tiene la ciudad. Eso será ver si el Partido Popular tiene una posición constructiva.*

*No hay ningún cordón sanitario, no se inventen películas, no sé quién se las puede comprar. Desde luego creo que la oferta es clara, señora Gallego: propuestas sobre la mesa, no enmiendas para que se las rechacen, no a ver cuándo la Marea y el Partido Socialista, el Partido Socialista y la Marea lleguen a un acuerdo de presupuesto. Ahí va usted a hacer oposición. La oposición la hace muy bien, la hace muy bien, pero bueno, ¿qué quiere que le diga? ¿que me gusta que haga bien la oposición? Pues no, no le voy a decir eso, no soy tan malvado para decirle eso, señora Gallego. Lo que le digo es que si quiere incidir en la acción de gobierno, haga propuestas. Nosotros hoy traemos aquí una propuesta. Bueno, no sé si usted considera que es un día histórico o no para esta ciudad.*

*Yo conté algo antes que me parece relevante, porque hoy la Estación Depuradora de Bens, de la que es presidenta —le reitero, señora Gallego— nuestra alcaldesa, Inés Rey, culmina un trabajo ejemplar, un trabajo que, por cierto, comenzó en el año 2016 —a cada uno lo suyo— y ponen a esta ciudad como*



exemplo a seguir en Galicia e en España. Hoxe podemos anunciar que os equipos instalados na EDAR están xa a traballar, convertendo os residuos tratados en enerxía para consumo doméstico e industrial. Parécelle que é...? como quere calificalo? tomadura de pelo? É un feito real e hai que recoñecer o bo traballo que está a facer unha entidade supramunicipal onde, bueno, pois eu creo que é unha aposta clara. Os resultados teñen sido satisfactorios, xa levan dúas semanas comezando a inxectar gas en modo de probas e hoxe a EDAR está conectada á rede comercial.

Que me vén a falar aquí de Ada Colau e de Barcelona? A min é que non me fai falta estar sempre buscando inventar a roda, señora Gallego. Súmase vostede tamén a eso? Estará de acordo: producir biogás para uso doméstico e industrial estámolo facendo na Coruña, señora Gallego, na Coruña, baixo a Presidencia de Inés Rey. Non lles gusta, non lles gusta, pero é un feito, é un feito. É un paso histórico en materia enerxética dende o ámbito municipal. Non é só predicar, é dar trigo. Por primeira vez en Galicia e das primeiras en España unha estación depuradora pasa a actuar tamén como xeneradora de enerxía. É eso unha tomadura de pelo?, señora Gallego. É dicir, é capaz de producir e cando estea a pleno rendemento máis de medio millón de metros cúbicos de biogás ó ano, cunha capacidade enerxética de 5,5 millóns de quilovatios ó ano, ou o que é o mesmo, coa capacidade de abastecer a demanda de 900 fogares.

Señora Gallego, parécelle que é un anuncio de futuro? Que é unha promesa ou é un feito? Isto está pasando hoxe, hoxe, e grazas a esta actuación (**óese un sinal acústico indicativo da finalización**

*un ejemplo a seguir en Galicia y en España. Hoy podemos anunciar que los equipos instalados en la EDAR están ya trabajando, convirtiendo los residuos tratados en energía para consumo doméstico e industrial ¿Le parece que es...? ¿cómo quiere calificarlo? ¿tomadura de pelo? Es un hecho real y hay que reconocer el buen trabajo que está haciendo una entidad supramunicipal donde, bueno, pues yo creo que es una apuesta clara. Los resultados han sido satisfactorios, ya llevan dos semanas comenzando a inyectar gas en modo de pruebas y hoy la EDAR está conectada a la red comercial.*

